

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E LA OPINIÓN DE LA CORUÑA, SL
PARA POTENCIAR O USO DO IDIOMA GALEGO**

En Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

REÚNENSE

Don, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don, con DNI nº, na súa calidade de apoderado da sociedade editora La Opinión de La Coruña, SL, con CIF....., en virtude de poder outorgado o 25 de setembro de 2008 ante o notario de Oviedo, José Antonio Caicoya Gómez, núm. 2.465 do seu protocolo.

EXPOÑEN

Un.- Que as dúas partes comparecentes consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 3º.2 da Constitución española sobre a oficialidade das outras linguas españolas nas respectivas comunidades autónomas, e o artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia, que establece que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos potenciarán o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Dous.- Que, así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu título IV, e concretamente no artigo 19, establece para o ámbito dos medios de comunicación o apoio económico e material para aqueles medios que, sen seren de titularidade pública nin sometidos á xestión ou competencia de institucións da Comunidade Autónoma, empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

Tres.- Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivos centrais da área de medios de comunicación a necesidade de incrementar anualmente e de maneira constante o uso do galego nos medios públicos e privados, lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade e incrementar a presenza do galego na publicidade. Que así mesmo, as partes convenientes queren favorecer o desenvolvemento do futuro Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, - no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a dinamización plena do idioma galego, estendendo o seu uso ao ámbito económico nas relacións laborais, comerciais e empresariais -, que establece entre as súas actuacións transversais, a realización de actividades de promoción do galego nos medios de comunicación para o seu reforzamento no ámbito socioeconómico.

Catro.- Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que para incrementar o uso do galego na sociedade promove La Opinión, unha empresa de comunicación galega comprometida co proceso de normalizar o idioma galego e de garantir un control de calidade lingüística das informacións e contidos publicados ou emitidos en galego. Esta empresa colabora habitualmente coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para estender o uso da lingua galega a través do xornal *La Opinión*, dando así un paso importante cara á normalización do galego na prensa escrita.

Cinco.- Que *La Opinión* é un dos xornais máis novos na Comunidade Autónoma pois inicia a súa andadura no ano 2000. É un diario de información xeral que conta con edición electrónica e a área de influencia onde conta cun gran número de lectores é a provincia da Coruña. A EGM, entidade oficial de control de audiencias que elabora as estatísticas dos medios de comunicación, no ano 2015 estimou que *La Opinión* tiña unha audiencia de 33.600 lectores diarios.

Seis.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, é a titular das competencias definidas en materia de normalización lingüística. Para poder cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega, ten en conta a grande repercusión e difusión social que teñen os medios de comunicación.

Sete.- Que neste sentido quere colaborar apoiando o labor que levan a cabo os grandes grupos de comunicación galegos de prensa escrita cos que asinará convenios de colaboración atendendo aos criterios establecidos no acordo do Consello da Xunta de 19 de xaneiro de 2006 relativo á subscrición de acordos ou convenios coas empresas titulares de medios de comunicación referidos ao emprego da lingua galega nas páxinas dos seus xornais.

Trátase dunha actuación singular e de interese xeral polo que non resulta posible promover a concorrência en convocatoria pública para as actividades previstas no convenio.

Oito.- Que as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o de contribuír á normalización da lingua galega a través dun medio de comunicación tan importante como é a prensa co obxectivo de conseguir aumentar progresivamente a presenza do galego na prensa diaria de Galicia.

Polo exposto, ambas as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o 2016 que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e La Opinión de La Coruña SL, para contribuír á normalización e promoción da lingua galega nos medios de comunicación e conseguir que cada vez sexa maior a implantación do galego nos medios de difusión en todos os ámbitos sociais, normalizando o seu uso a través da prensa escrita e das web dos xornais na súa liña informativa en calquera tipo de noticias, temas de actualidade, crónicas e igualmente nos artigos de opinión.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a potenciar o uso do idioma galego nas páxinas do xornal *La Opinión de La Coruña* que edita

diariamente a citada entidade, e lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade.

Segunda.- Obrigas de La Opinión

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan xeral de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, mediante a sinatura do presente convenio La Opinión, comprométese a:

- Cobertura informativa sobre liñas de actuación, programas e proxectos incluídos no ámbito competencial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante actuacións periodísticas de divulgación elaboradas polo medio de comunicación que pola súa repercusión social sexa de interese para o seu coñecemento xeral pola sociedade.
- Manter ou reforzar unha páxina web en lingua galega vinculada ao medio impreso que publica. Será actualizada diariamente.
- Transcribir literalmente no xornal as entrevistas e declaracións feitas en galego.
- Transmitir o apoio á lingua galega, dándolles a coñecer aos usuarios a decisión da empresa de utilizar o idioma galego nas notas necrolóxicas como unha opción lingüística.
- Promover que os usuarios das edicións en galego poidan subir ás redes sociais noticias en galego.
- Ampliaranse, en relación co ano anterior os contidos no xornal o 17 de maio Día das Letras Galegas e o 25 de xullo Día de Galicia, mediante a elaboración e publicación en lingua galega de reportaxes, entrevistas ou informes de especial importancia para a lingua e a cultura galegas en suplementos especiais ou edicións locais do xornal, relacionados con temas informativos referidos a estas datas de especial relevancia para Galicia que, pola súa repercusión social, sexan de interese para o coñecemento xeral da sociedade galega.
- Publicar en galego as informacións culturais dedicadas aos Premios Folk.

Terceira.- Liña editorial

A fixación da liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados correspóndelle ao medio de comunicación, que elaborará con cargo aos medios técnicos e humanos de que dispón toda a información, noticias e publicacións obxecto deste convenio, malia iso, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá formular verbo dos datos e informacións elaboradas as observacións que estime pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes.

Cuarta.- Obrigas da Consellería

A Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades do presente convenio.

Quinta.- Financiamento

O orzamento total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **trinta e seis mil oitocentos oitenta e tres euros (36.883,00 €)** que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes:

- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización desta acción cunha achega máxima de **quinze mil euros (15.000,00 €)** cantidade na que se inclúen todos os impostos legais vixentes, con cargo á partida 10.30.151A.640.5 correspondente aos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2016.
- La Opinión achegará a cantidade restante **de vinte e un mil oitocentos oitenta e tres euros (21.883,00 €)**.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Sexta.- Dereitos sobre as actuacións divulgativas e os resultados

O material divulgativo xerado pola realización das actividades obxecto deste convenio será de titularidade e uso común das partes asinantes, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, o protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes poderán usar o material divulgativo realizado ao abeiro deste convenio para fins de interese público, de xeito gratuíto e co consentimento expreso da outra parte. Farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da consellería e do

medio de prensa e sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprometése a facer mención da outra parte deste convenio.

Sétima.- Xustificación e pagamento

La Opinión, percibirá a cantidade que achega a consellería en dous pagamentos iguais, que se efectuarán da seguinte maneira:

- O primeiro, por importe de **7.500,00 €**, cando se teña executado aproximadamente o 50% das actividades previstas no convenio.
- O segundo, por importe da cantidade restante de **7.500,00 €**, ao remate da vixencia do convenio.

Para percibir o primeiro pagamento La Opinión entregará na Secretaría Xeral de Política Lingüística a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) na que se acredite e detalle que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio.
- Certificación (dúas copias) detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- Exemplares dos contidos editados e publicados polo medio de comunicación.

Para percibir o segundo pagamento La Opinión entregará na Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa data límite do 30 de setembro de 2016, a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) na que se acredite que as actividades se realizaron de acordo co establecido neste convenio.
- Certificación (dúas copias) detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha en soporte informático) dos resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- Exemplares dos contidos editados e publicados polo medio de comunicación.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente.

A entidade procurará utilizar a lingua galega en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

La Opinión facilitará toda a información que lle requira a Consellería, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Antes de proceder á sinatura do presente convenio e para o seu pagamento, La Opinión deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura do presente convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Oitava.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio deberán levar a cabo de acordo coas vixentes *normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003*, segundo se establece na disposición adicional da lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10º da citada lei.

Novena.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décima.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2016. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo primeira.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio creárase unha comisión de seguimento paritaria, constituída por dous representantes de Política Lingüística nomeados polo seu titular e dous representantes de La Opinión.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e maila Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- De se resolver o convenio a Consellería pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo cuarta.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, poderá avaliar a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano por triplicado, no lugar e data mencionados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O apoderado de La Opinión de La
Coruña S.L.